

Resolución Reitoral de 1 de outubro de 2019 pola que se convocan os XI Premios á Excelencia Deportiva

Os Premios a Excelencia Deportiva teñen por obxecto recoñecer entre o alumnado a aqueles/as que destacan na actividade deportiva e a súa conciliación co rendemento académico

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de Universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, os XI Premios á Excelencia Deportiva que serán xestionados de acordo coas bases reguladoras que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación desta convocatoria e as bases que a regulan no rexistro xeral, nos rexistros auxiliares e no [Portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, 1 de outubro de 2019

O reitor

Por delegación RR 01/12/2018 (DOG 07/12/2018)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE XI PREMIOS Á EXCELENCIA
DEPORTIVA

1. OBXECTO DOS PREMIOS

Os premios anuais á Excelencia Deportiva recoñecen a quen, de entre o alumnado, máis destacara considerando a traxectoria deportiva e a súa conciliación coa vida académica durante o curso 2018/2019.

Concederanse un máximo de catro distincións, alumnos/alumnas da Universidade de Vigo co mellor rendemento conxunto nos dous aspectos. Tentarase que sexa o mesmo número de premiados que de premiadas. Os premios consistirán nun recoñecemento público mediante diploma acreditativo e a entrega dun premio en metálico.

2. REQUISITOS

Poderán solicitar o premio as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Terse matriculado/a no curso académico 2018/2019 en titulacións oficiais de grao, máster e doutoramento da universidade de Vigo.
- Ter participado nos anos 2018 e/ou 2019 en campionatos deportivos interuniversitarios en representación da Universidade de Vigo, ou en competicións federadas.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións, de 17 de novembro.

3. INCOMPATIBILIDADES

Este premio é compatible con calquera outro premio de calquera natureza.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a este premio irán con cargo á aplicación orzamentaria 2019 00CA 211E 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 2.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía máxima de cada premio será 500 € ao que se lle realizará a retención fiscal que corresponde segundo a lexislación vixente.

3. O pagamento do premio efectuarase mediante transferencia á conta bancaria indicada polo/a alumno/a na súa solicitude e da que deberá ser titular ou cotitular.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario online** dispoñible no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/5843 e presentalo debidamente asinado nos rexistros da universidade ou por calquera dos medios previstos na *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte ao da publicación desta convocatoria ata o **11 de outubro de 2019**.



Xunto co formulario de solicitude deberán achegar a seguinte documentación:

- En relación cos méritos deportivos: documentación acreditativa da participación nas competicións deportivas que desexe sexan avaliadas.
- En relación cos méritos académicos: deberase achegar a documentación acreditativa só no caso de alumnado que non cursara estudos na Universidade de Vigo no 2017/2018

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para a correcta avaliación de requisitos e méritos alegados.

7. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada polo Servizo de Extensión Universitaria, enviará a documentación á comisión de selección para a súa avaliación de acordo cos seguintes criterios:

- Nota media do expediente académico nos cursos 2017/2018 e 2018/2019: 50% da puntuación.
- Traxectoria deportiva nos anos 2018 e 2019: 50% da puntuación, avaliando a participación nos campionatos interuniversitarios nacionais e internacionais e os deportes federados de alto nivel, ou outras actividades de natureza análoga que a comisión considere.

A comisión de avaliación está composta por:

Presidenta: Natalia Caparrini, vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria.

Vogais: - María Esther de Blas, vicerreitora do campus de Ourense.
- Jorge Soto, vicerreitor do campus de Pontevedra.
- Alexandre Sanjorge Sanjorge, Técnico Especialista de Actividades Deportivas da Area de benestar, Saúde e Deporte

Secretaria: Ricardo Corderí Salgado, xefe do Servizo de Extensión Universitaria.

Unha vez efectuada a selección pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de solicitudes con premio concedido, denegado** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existir renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao de publicación, presentando o formulario de alegacións nos rexistros da universidade dirixido á Sección de Axudas e Bolsas.

Unha vez revisadas as alegacións pola comisión, a Sección de Axudas e Bolsas enviaralle a proposta de **Resolución Reitoral definitiva de persoas con premio concedido, denegado coas causas de denegación e a listaxe de agarda** á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria, para a súa publicación.

Os premios serán entregados durante a XXVIII Gala do Deporte Universitario agás o importe en metálico que será entregado de acordo co disposto no punto 4 desta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte



ao da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Todas as resolucións ás que se refire este punto publicaranse no [portal de bolsas](#) da web da universidade.

As comunicacións individuais que resulten necesarias serán realizadas ao correo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

8. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos no [Portal de bolsas](#)

